

## **ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIOS MUNICIPAIS CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos fúnebres e de cemiterios, a que se refire o artigo 20.4 p) do propio real decreto lexislativo, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.**

1. Constitúe o feito imponible a utilización dos servizos fúnebres do Concello da Coruña:
  - Primeira concesión, transmisión da titularidade e prórroga de panteóns, sepulturas subterráneas, nichos e cinceiros nos cemiterios municipais de San Amaro, Santa María de Oza e Feáns-Mesoiro.
  - Licenzas para apertura dos enterramentos citados no apartado a), colocación de placas e outras actuacións sobre eles.
  - Vixilancia e conservación de enterramentos.
  - Prestación de servizos complementarios de depósito, conservación de cadáveres, utilización da sala de autopsias, e outros análogos.
  - Incineracións.
  - Condución de cadáveres.
2. A obriga de contribuír nacerá cando se inicie a prestación dos servizos sometidos a gravame, e entenderase, para tales efectos, que se inicia a prestación cando se solicita esta ou se ocasiona a súa prestación. No caso do servizo de vixilancia, a cota xerarase o primeiro día natural de cada exercicio económico e terá carácter non reducible coincidindo o período impositivo co ano natural.

### **ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.**

1. Son obrigados tributarios contribuíntes os solicitantes da concesión, da autorización ou da prestación do servizo e, se é o caso, os titulares de dereitos regulados nesta ordenanza.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

### **ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.**

Só serán de aplicación aqueles beneficios fiscais que estean recoñecidos en norma con rango de lei ou en tratados internacionais validamente realizados

### **ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.**

1. A débeda tributaria determinarase polo sistema de cota fixa, atendendo á diferente natureza dos servizos, de acordo coa clasificación realizada no artigo seguinte.
2. Nas transmisións inter vivos a título oneroso nos cemiterios de San Amaro e Santa María de Oza, constituirá a base imponible o prezo sinalado no título mediante o cal se efectúa a transmisión, sen prexuízo do sinalado para os efectos de tarifa mínima.

ARTIGO 6. TARIFA XERAL.

1	Concesións:	EUROS
1.1	Pola concesión dun nicho en cemiterios municipais, naqueles casos en que aprobe o órgano municipal correspondente que a concesión se realizará por convocatoria pública para a adjudicación dos concesionarios de nichos.	Prezo de adjudicación da convocatoria
1.2	Pola concesión dun nicho en cemiterios municipais nos casos non contemplados no punto 1.1	602,22
1.3	Pola concesión dun cinceiro:	
1.3.1	No cemiterio de Feáns	139,42
1.3.2	Noutros cemiterios	172,11
2	Cambios de titularidade nos cemiterios municipais de San Amaro, Santa Mª de Oza e Feáns, cando proceda a súa autorización. Con carácter xeral, nos cambios de titularidade inter vivos a título oneroso, aplicarase o tipo do 20% sobre o prezo fixado no título mediante o cal se efectúa a transmisión. Como tarifa mínima, percibirase en todo caso, o sinalado no punto 2.2.3.1 para as transmisións por doazón.	
2.1	Transmisións intervivos a título gratuito:	
2.1.1	Mausoleo ou panteón:	
2.1.1.1	Cesión gratuita en favor de herdeiros lexítimos, por m2	350,82
2.1.1.2	Cesión gratuita en favor de cotitulares por m2	69,74
2.1.1.3	Cesión gratuita a favor de terceiros, por m2	388,73
2.1.2	Sepultura subterránea	
2.1.2.1	Cesión gratuita en favor de herdeiros lexítimos, por m2	236,90
2.1.2.2	Cesión gratuita en favor de cotitulares por m2	47,67
2.1.2.3	Cesión gratuita a favor de terceiros	259,16
2.1.3	Nicho:	
2.1.3.1	Cesión gratuita en favor de herdeiros lexítimos	166,90
2.1.3.2	Cesión gratuita en favor de cotitulares	35,27

2.1.3.3	Cesión gratuita a favor de terceiros	518,32
2.1.4	Cinceiros	
2.1.4.1	Cesión gratuita en favor de herdeiros lexítimos	86,06
2.1.4.2	Cesión gratuita en favor de cotitulares	16,86
2.1.4.3	Cesión gratuita a favor de terceiros	186,59
2.2	Transmisións inter vivos a título oneroso, (únicamente se admitiran transmisións elevadas a documento público notarial e anteriores a 1 de xaneiro de 2014)	
2.2.1	Mausoleo ou panteón:	
2.2.1.1	Cesiones ou donaciones onerosas ou compraventas por m2.	1.554,94
2.2.2	Sepultura subterránea:	
2.2.2.1	Cesiones ou donaciones onerosas ou compraventas por m2.	1.036,62
2.2.3	Nicho:	
2.2.3.1	Cesiones ou donaciones onerosas ou compraventas.	2.073,25
2.2.4	Cinceiros	
2.2.4.1	Cesiones ou donaciones onerosas ou compraventas.	186,59
2.3	Transmisións mortis causa (herdanza)	
2.3.1	Mausoleo ou panteón, por m2	69,74
2.3.2	Sepultura por m2	47,67
2.3.3	Nicho	35,27
2.3.4	Cinceiros	16,86
3	Licenza de apertura de sepulturas:	
3.1	Por cada licenza de apertura de mausoleos ou panteóns para inhumacións ou exhumacións. Por compartimento	117,65
3.2	Por cada permiso de apertura de sepulturas co mesmo fin. Por compartimento	88,73
3.3	Por cada permiso de apertura de nichos coa finalidade sinalada anteriormente	63,24
3.4	Redución de restos por cada permiso de apertura dos números anteriores	20,60
3.5	Por cada permiso de apertura de cinceiros	28,33
4	Incineracións:	

4.1	De cadáveres	231,63
4.2	De restos	115,81
5	Outorgamento de licenzas para instalacións e reparacións.	
5.1	Instalacións.	
5.1.1	En mausoleos e panteóns:	
5.1.1.1	Lápidas	73,60
5.1.1.2	Outras instalacións fixas	37,30
5.1.2	En sepulturas subterráneas:	
5.1.2.1	Lápidas	51,48
5.1.2.2	Outras instalacións fixas	27,03
5.1.3	En nichos:	
5.1.3.1	Lápidas	38,34
5.1.3.2	Outras instalacións fixas	19,20
5.1.4	En cinceiros:	
5.1.4.1	Lápidas	18,65
5.1.4.2	Outras instalacións fixas	12,84
5.1.5	En sepulturas de terra:	
5.1.5.1	Lápidas	18,65
5.1.5.2	Outras instalacións fixas	12,84
5.2	Reparacións:	
5.2.1	De mausoleos e panteóns	74,64
5.2.2	De sepulturas subterráneas	48,85
5.2.3	De nichos	25,69
5.2.4	De cinceiros	20,54
6	Vixilancia e conservación de enterramentos. Co fin de asegurar a conservación das tumbas, esixíranse, con carácter anual, as seguintes cotas a cargo de quen teña a condición de suxeito pasivo de conformidade co disposto no art. 3 desta ordenanza:	
6.1	Mausoleos e panteóns, por cada compartimento ou sepultura	40,18
6.2	Sepulturas subterráneas, por compartimento	32,73
6.3	Nichos	19,34
6.4	Cinceiros	12,15
7	Condución de cadáveres:	
7.1	Utilización do coche fúnebre con persoal encargado, calquera que sexa o	132,67

	percorrido dentro do termo municipal da Coruña	
7.2	En servizos prestados fóra do termo municipal da Coruña:	
7.2.1	Cota fixa	265,85
7.2.2	Por cada Km. percorrido, a cota fixa anterior incrementárase en	0,63
7.3	Servizos efectuados fóra do horario normal aos cemiterios parroquiais do termo municipal da Coruña	199,04
8	Enterramentos verificados en fosa común	0
9	Exhumacións verificadas en fosa común	154,50

## ARTIGO 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS.

### 1. Comúns.

a) Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foron obxecto de autorización e pago de dereitos, aboarase a cantidade íntegra que resulte da liquidación de todas as transferencias anteriores de acordo coas tarifas establecidas pola Ordenanza actualmente vixente.

b) En caso de desatención das sepulturas de calquera clase, por parte de quen ostenta a súa titularidade, que cause un estado de ruina ou abandono, que produza perigos ou desmereza o necesario ornato e aspecto do lugar, o Concello poderá proceder á demolición ou á retirada de cantos obxectos se encontren deteriorados ou en mal estado, sen que poida exixírselle resarcimento ou ningunha indemnización en tal concepto.

c) Os dereitos recollidos nesta Ordenanza son compatibles cos sinalados na Ordenanza nº 1, en canto á tramitación e ao reintegro de títulos de propiedade, licenzas, permisos e demais conceptos suxeitos a tributación pola dita norma.

### 2. Específicas para os cemiterios de San Amaro e Santa María de Oza.

a) Na concesión de cinceiros, o dereito que se adquire non é o da plena propiedade do terreo, senón soamente o da conservación dos restos durante todo o tempo en que preste servizo o cemiterio, sempre e cando os titulares cumpran as súas obrigas en canto ao pago de dereitos e conservación de sepulturas.

b) O Concello poderá declarar a caducidade, revertendo á entidade local a plena dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

1º. Por estado ruinoso da construción.

2º. Por abandono da sepultura. Considérase producido o abandono cando transcorresen cinco anos dende a última inhumación realizada e se produza a falta de pago dos dereitos de vixilancia durante un período igual ao sinalado.

A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no que se dará audiencia ao que apareza como titular do dereito. No caso de non ser coñecido o seu domicilio publicarase o correspondente edicto no B.O.P., e outorgarase un prazo de trinta días para efectuar a comparecencia e poñerse ao corrente das débedas tributarias existentes ou efectuar a reparación que proceda.

Se o motivo do expediente era o mal estado de conservación da tumba, a comparecencia suspenderá a tramitación do expediente ata que transcorra o prazo que se poida conceder para a execución das obras que procedan. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se realizasen, declararase a caducidade do dereito mediante resolución da Xunta de Goberno Local.

Declarada a caducidade de acordo co establecido no parágrafo anterior, o Concello poderá dispoñer dela, unha vez que trasladase os restos ao osario.

## 2. Especiais para o cemiterio de Feáns.

a) O prazo de concesión dos lugares de enterramento será de trinta e cinco anos, con prórroga sucesiva de quince anos, por solicitude de parte interesada e ata un máximo de cincuenta anos, incluíndo o período inicial e a súa prórroga. Rematado o período de concesión, o titular do nicho e os seus herdeiros terán dereito preferente sobre outras persoas para obter unha nova concesión sobre o mesmo nicho. Os dereitos de prórroga e as sucesivas concesións estarán supeditadas ás dispoñibilidades que existan no momento da solicitude e os dereitos serán os que estean establecidos na ordenanza que rexa cando se autorice a prórroga ou nova concesión.

A falta de pago dos dereitos previstos nesta ordenanza será causa de denegación de prórrogas e novas concesións.

b) Poderá declararse a caducidade dos dereitos revertendo ao Concello a plena dispoñibilidade das sepulturas nos casos que prevé o regulamento do cemiterio e seguindo o procedemento previsto nel.

## 3. Do servizo de condución de cadáveres.

A prestación do servizo será solicitada na oficina xestora cunha antelación mínima de vinte e catro horas, en días hábiles, para que poida ser fixada a hora da súa realización.

## ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Depósito previo. Esixirase o depósito previo do importe das taxas pola prestación dos servizos previstos nesta ordenanza, excepto os do epígrafe 7 do artigo 6, que se recadarán con periodicidade anual a través do correspondente Padrón.

Os suxeitos pasivos realizarán a liquidación dos dereitos regulados nesta ordenanza.

Os encargados dos cemiterios comprobarán a existencia de licenza e o pagamento dos dereitos correspondentes.

2. A solicitude de prestación dos servizos regulados nesta ordenanza formularase na correspondente instancia, segundo o modelo oficial, que se facilitará na oficina de información e na que se detallarán os documentos que teñen que presentar os interesados. En caso de que se omitise a presentación dalgún dos documentos esixidos actuarase conforme ao previsto nas normas que regulan o procedemento administrativo común.

Nas transmisións de panteóns, sepulturas, nichos ou cinceiros dos cemiterios de San Amaro e Santa María de Oza, os solicitantes deberán presentar a copia do título en virtude do cal se efectúe a transmisión, e procederase a continuación da forma establecida nos puntos seguintes.

3. No Rexistro Xeral recibírase a petición e remitíraselle ao órgano de xestión que recadará, nun só acto, os informes regulamentarios, os cales deberán ser emitidos no prazo de dez días sinalando a procedencia ou improcedencia de realizar a concesión ou licenza. A oficina xestora formulará a correspondente proposta de resolución, que deberá ser motivada en caso de ser denegatoria da petición.

O órgano de xestión tributaria procederá a liquidar os dereitos que procedan aplicando á cota o depósito constituído e procedendo a realizar as operacións de devolución ou de liquidación complementaria que procedan.

Nos supostos de resolución denegatoria devolveráselle ao interesado o depósito constituído, seguindo os trámites que regulan a devolución de ingresos.

4. A resolución seralle notificada ao interesado e darase conta dela aos servizos municipais responsables da súa execución.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

En materia de cualificación das infraccións e de sanción delas, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

## DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza consta de nove artigos e foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.